



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Producción Artística: Imaxe II

Materia	Producción Artística: Imaxe II			
Código	P01G010V01602			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3º	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo Pintura			
Coordinador/a	Soler Baena, Ana Maria			
Profesorado	Bandera Vera, Antonio Maria Dopico Castro, Marcos Riera Taboas, Marta Soler Baena, Ana Maria Tejo Veloso, Carlos			
Correo-e				
Web				
Descrición xeral	A materia de "Producción Artística: Imaxe 2" está deseñada para que conflúan nela contidos comúns de deseño gráfico e editorial, ilustración, fotografía e técnicas gráficas aplicadas á arte contemporánea. Tomando como fío condutor a obra de arte múltiple, preténdese desenvolver un proceso creativo en torno ao libro de artista como proxecto artístico propio.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
A24	Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A26	Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano
A27	Capacidade de traballar de maneira autónoma. Desenvolver a capacidade de suscitar, desenvolver e concluír o traballo artístico persoal
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento

A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
B1	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B2	Capacidade de xestión da información.
B3	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B4	Capacidade de aprendizaxe autónoma.
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B6	Capacidade de traballar en equipo.
B8	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación.

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento de diferentes disciplinas da creación artística de imaxes e a súa posible interrelación.	A7 A9 A12
Coñecemento dos procedementos e procesos propios das disciplinas relacionadas coa elaboración de obra reproducible.	A7 A9 A12
Coñecemento dos sistemas de reprodución da imaxe dixital e analóxica.	A9 A12 A14
Coñecemento do vocabulario, código e conceptos inherentes aos campos do deseño, a edición, a ilustración e a imaxe múltiple.	A6 A7
Capacidade para desenvolver propostas creativas con extensión.	A31 A32 A37
Capacidade para abordar problemas da arte nun conxunto de obras.	A31 A37 A38
Capacidade para comprender na súa máxima intensidade a experiencia do taller de produción e creación.	A20 A22 A31 A32
Capacidade para a visualización e a análise de imaxes.	A1 A25 B1
Habilidade para o manexo de instrumentos e métodos propios das artes e a imaxe dixital.	A42 A43
Capacidade para aplicar con creatividade procesos de deseño, reprodución e edición gráficos.	A19 A20 A31 A32
Capacidade para o manexo de métodos de produción específicos.	A31 A32
Habilidade para a experimentación coa imaxe.	A42 A43
Habilidade para a integración de disciplinas distintas na produción e reprodución de imaxes.	A33 A42 A43
Capacidade de traballar en equipo, capacidade de traballar autonomamente, capacidade de aprendizaxe autónoma, capacidade de iniciativa propia e de automotivación.	B4 B5 B6 B8
Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e a síntese. Capacidade de xestión da información, capacidade de comunicación, capacidade para expoñer oralmente, por escrito e con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo.	B1 B2 B3

Capacidade para xerar y xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística. Capacidade para expoñer oralmente, por escrito e con claridade problemas artísticos complexos e proxectos.

A23  
A24  
A25  
A26  
A27  
A31

## Contidos

Tema	
CONTIDO XERAL: dado o carácter multidisciplinar desta materia e a transversalidade que require, establécense dous grandes bloques de traballo. Impartiranse contidos teórico-prácticos relacionados e en continuo diálogo co proxecto global: o libro de artista.	1. CONTIDO TEMÁTICO. Historia do deseño: o libro, a publicación, o libro de artista. Elementos e recursos de deseño gráfico. Tipografía. Maqueta e retícula. Imaxe. Ilustración. Fotografía. Materiais: o papel. A encadernación/presentación. Materialización/impresión: gráfica industrial. Técnicas gráficas artísticas. Impresión dixital. 2. CONTIDO DO PROXECTO. A arte múltiple: do libro ilustrado ao concepto blogs. O libro como proxecto artístico total. Concepto/idea: narratividade e códigos visuais. Formato: dimensións e núm. Páxinas. Estrutura: secuencialidade, reticulación e lexibilidade. O ritmo: a verticalidade e a transversalidade. A compilación. A presentación: portada/cubertas/solapas. Función comunicativa. O obxecto: carpeta e caixa. A visualización e percepción do libro de artista: o consumo da obra múltiple.
Historia do deseño tipográfico aplicado á creación editorial.	1. Premodernidade industrial. Século XIX. 2. Modernidade estética. Vanguardas históricas. 3. Tipografía humanista. 4. Modernidade universal. Estilo suízo internacional 5. Modernidade tardía. Anos 70 6. Posmodernidade 7. Época actual 8. Normativas e consellos na aplicación da tipografía.
Deseño editorial e o libro de artista.	1. Introducción histórica. 2. Estructuras e partes dunha publicación 3. Elementos de deseño na publicación 4. A retícula 5. Proceso de deseño 6. Presentación e produción.
Ilustración.	1. Principios de ilustración 2. Desenvolvemento do proxecto de ilustración conceptual para libro de artista.
Fotografía.	1. Introducción á análise da fotografía entendida como ferramenta expresiva e de comunicación dentro do libro-obxecto e da revista-obxecto 2. A linguaxe do fotográfico dentro do libro de artista: conceptos, creatividade e modos de expresión. 3. A imaxe analóxica e dixital, e a súa manipulación para crear un libro de artista 4. A imaxe dixital. RGB e CMYK. Modos de cor. Formatos dixitais e sistemas de compresión (TIFF, JPG, PNG, etc.) 5. Input da imaxe dixital. Escáneres e cámaras dixitais. Resolucións de entrada en relación cos formatos e as dimensións finais.
Gráfica.	1. Correspondencia entre técnica e proxecto. 2. Relacións de permeabilidade e absorción entre técnicas de gravado e estampaxe. 3. O gravado na fronteira. Tradición e transgresión. 4. Ready-made versus Papermaking. 5. Fanzine 6. Libro de artista.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Proxectos	45	90	135
Prácticas de laboratorio	15	15	30
Seminarios	6	0	6
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	6	9
Probas de tipo test	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase maxistral con posible apoio multimedia. Concatenación da teoría coa práctica: temas teóricos e exercicios prácticos. Lección maxistral, exposición de contidos e demostracións prácticas por parte do profesor. Recursos de visualización de imaxes e procesos. Observación directa de traballos realizados por alumnos de cursos anteriores. Análises de imaxes reproducidas tanto en libros ou revistas como en diferentes medios audiovisuais.

Proxectos	O estudante, de maneira individual ou en grupo, traballa no desenvolvemento do proxecto e presenta o resultado do seu traballo ante o profesor e un grupo de estudantes. Desenvolvemento do proxecto: definición; concreción do marco conceptual do proxecto de libro de artista; revisión e cualificación do proxecto teórico que se vai desenvolver durante o cuadrimestre; bosquexos, esquemas, secuencia, presentación de estrutura, partes do libro e retícula; presentación e defensa do proxecto en público empregando un modelo de presentación audiovisual ou informático; exposición dos traballos teóricos e prácticos de clase; aprobación e posta en acción do proxectado; produción e elaboración física; elaboración de memoria xustificativa teórica; defensa final e entrega do proxecto.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo supervisión do profesor. Exercicios prácticos de aprendizaxe de subtemas. Titorías e correccións. Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. Consideración de ritmo e metodoloxía de traballo persoal. Orientación crítica do traballo que se estea a realizar respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Seminarios	Cursiño de curta duración cun sistema de traballo cunha forte carga práctica a cargo dun profesor ou un especialista invitado ad-hoc.: toma de contacto con profesionais do ámbito, invitados nacionais ou estranxeiros para ver en que e como se está a traballar dunha maneira práctica no campo das creacións de obra múltiple editorial. Charlas-coloquio, entrevistas a artistas, conferencias, seminarios, etc.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Un grupo de estudantes realiza unha saída fóra do centro xunto cun profesor. Visitas a exposicións, museos, institucións, empresas, etc. Visitas a outros centros de ensino ou laborais (imprentas industriais). Organización de actividades en colaboración con outras institucións, por exemplo, avaliación dalgún exercicio por parte dun museo, entendidos, críticos, galeristas, deseñadores, etc. Visitas a exposicións ou feiras (ARCO, ESTAMPA,□).

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proxectos	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Seminarios	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Saídas de estudo/prácticas de campo	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Prácticas de laboratorio	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.
Probas de tipo test	-Titorías, seguimento e correccións de exercicios de aula e proxectos persoais prácticos. -Titorías e correccións de proxectos teóricos. -Elección progresiva: ofrecerlle ao alumno a posibilidade de elixir diferentes opcións de traballo en función dos seus intereses, preferencias, capacidades, etc. - Consideración do ritmo e metodoloxía de traballo persoal. -Orientación crítica do traballo que se estea a realizar, respectando o desenvolvemento creativo persoal.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia a clase. Demostración da adquisición dos coñecementos básicos da materia aplicados aos contidos do curso en traballos teóricos e prácticos.	10%

## 1.1. Criterios xerais de avaliación:

- O interese artístico dos exercicios e do proxecto final. O alumno terá a opción de establecer un debate dentro do grupo da clase en defensa da valoración do seu traballo. En caso contrario, o profesor valorará este aspecto unilateralmente.
- Cumprimento dos obxectivos propostos e capacidade de culminación do traballo
- Avaliación e progresión no proceso de aprendizaxe
- A calidade, orixinalidade, creatividade e o grao de desenvolvemento das entregas e do proxecto proposto.
- A capacidade investigadora do alumno
- A capacidade de experimentación do alumno.
- A metodoloxía, planificación e coherencia do traballo ao longo do curso.
- O traballo de reflexión e estudo previo ao proceso de elaboración de cada proxecto.
- A ampliación dos coñecementos impartidos na clase.
- Capacidade de análise e de interrelación entre los diferentes contidos da materia en relación á confluencia no proxecto global final.
- Uso correcto da terminoloxía teórico-práctica.
- O grao de asistencia a clase e a actitude positiva / activa no seu transcurso. A participación na dinámica da clase, tanto nas tarefas de organización (limpeza, adquisición e bo uso de materiais colectivos, etc.) como noutras posibles colaboracións co grupo de clase.
- A comprensión e utilización correcta dos procesos técnicos e a adecuación á linguaxe propia do procedemento que se utilice, é dicir, que a concepción da imaxe ou exercicio se leve a cabo desde unha comprensión en profundidade das posibilidades expresivas propias do procedemento que se empregue. Correlación entre as súas formulacións ideolóxicas e a súa solución técnico-formal

## 1.2. Criterios específicos de avaliación.

## A. Exercicios prácticos.

1.1. Deseño: asistencia a clase continua, esforzo, interese, calidade artística e conceptual. Participación en clase, exercicios, coloquios, exposicións orais, correccións. Proceso de investigación e desenvolvemento: anteprojecto (medios manuais: bosquejos, análise, comentarios); fases do proxecto (idea, aplicación/materialización da idea, aplicación informática, produción a escala, produción final); coherencia do traballo, boa presentación e entrega.

1.2. Retícula. A aplicación dos conceptos impartidos en clases e a súa posta en práctica: composición, deseño con retícula, correcto uso de tipografía en bloques, lexibilidade aplicada ao proxecto creativo. A páxina e a maqueta: tamaños, marxes, xerarquía, columna,  Comprensión e correcta distribución e uso das partes dun libro. Dominio do programa InDesign.

1.3. Ilustración. Peso conceptual das ilustracións realizadas, correcta elección da técnica e dos medios empregados. Execución, desenvolvemento do proceso de ilustración (bosquejos a arte final) e adecuada presentación.

1.4. Fotografía. Uso correcto e creativo de imaxes fotográficas aplicadas ao deseño editorial. Resolucións e pixelado.

1.5. Gráfica. A adecuación da técnica á imaxe proposta dentro do proxecto global do libro de artista. Valorarase a complexidade técnica da estampaxe e a correcta utilización dos procesos técnicos (axustes de rexistros, superposicións de tintas, axuste da fluidez-viscosidade das tintas, presentación adecuada, limpeza, etc.)

## B. Proxecto persoal global (libro de artista).

## 2.1. Proxecto teórico conceptual e memoria xustificativa escrita.

- A ampliación dos coñecementos impartidos na clase.
  - Comprensión en profundidade dos conceptos explicados e consecuente claridade na súa expresión.
  - Capacidade de análise e de relación entre diferentes contidos.
  - Uso correcto da terminoloxía e das citas.
  - Orixinalidade e rigor na presentación do tema.
  - A bibliografía e fontes consultadas.
- 2.2. O libro obxecto como proxecto.
- A orixinalidade e creatividade na presentación do proxecto.
  - O contido teórico, formal e procesual do libro.
  - O aspecto e a presentación: selección de imaxes, textos, materiais (papeis), cor, composición lineal e transversal, individual e global, secuenciación, etc.
  - O tipo e modo de encadernación. A presentación.

Prácticas de laboratorio	<ul style="list-style-type: none"> <li>☐ A avaliación será continua, polo que se realizará un seguimento individualizado do alumnado, así como da súa evolución.</li> <li>☐ A asistencia a clase é moi importante, xa que se efectuará unha observación constante do proceso de traballo no obradoiro.</li> <li>☐ O alumno terá que entregar unha serie de exercicios e traballos de aula relacionados co temario da materia. Estes traballos serán revisados ao finalizar os exercicios correspondentes a cada unidade temática, tendo en conta o seguinte: a comprensión, asimilación e aplicación da proposta de traballo, xunto co grao de complexidade, creatividade, experimentación e evolución</li> <li>☐ O diálogo alumno-profesor e unha dinámica interactiva do colectivo da clase facilitará unha mellor valoración de todos os aspectos sinalados.</li> </ul>	10%
Seminarios	Asistencia aos seminarios propostos, asimilación de contidos e entrega de informe.	2,5%
Saídas de estudo/prácticas de campo	Asistencia ás saídas e prácticas de campo, asimilación de contidos e entrega de informe.	2,5%
Probos de tipo test	Os estudantes realizan unha proba de avaliación escrita, onde se determina o grao de asimilación dos contidos impartidos.	5%

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### Convocatoria ordinaria

Á hora de avaliar, diferenciaranse claramente os contidos mínimos cuxa superación supoña o aprobar a materia, deos que sirvan para establecer puntuacións máis elevadas.

#### Convocatoria de xuño:

Para a avaliación do curso académico na convocatoria de xuño e aprobar por curso, cada profesor esixirá unha serie de exercicios ao longo do cuadrimestre que o alumno deberá entregar e superar cunha cualificación mínima de aprobado nas datas estipuladas. Esas entregas poderán estar comprendidas no proxecto persoal global ou libro de artista. Será necesario realizar, polo menos, o 80% desas entregas para poder ser avaliado.

#### Convocatoria extraordinaria de xullo:

Cando o alumno non acade o nivel esixido ou non se presente ás convocatorias normais de avaliación do curso, se articula un sistema de probas de recuperación onde o alumno disporá da convocatoria extraordinaria de xullo.

#### Avaliación de recuperación:

O alumno obrigatoriamente deberá entregar todos os exercicios esixidos polo profesorado que non teñan sido superados durante o curso académico, así como o proxecto persoal global.

Ademais da dita entrega, o profesorado resérvase a opción de realizar unha proba teórica oral ou escrita e outra práctica, en caso de consideralo necesario.

#### Descrición da proba:

a) O exercicio teórico estará baseado nos contidos específicos da programación. Só no caso de que o alumno supere este exercicio pasará a realizar a seguinte proba.

b) A proba de carácter práctico consiste na realización dun exercicio baseado nas prácticas desenvolvidas durante o curso.

É imprescindible superar as dúas partes desta convocatoria (entrega de exercicios-proxecto persoal e proba teórico-práctica) para aprobar a materia.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 14 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

### Bibliografía. Fontes de información

Blackwell, Lewis., **Tipografía del siglo XX**, Gustavo Gili, 3ª Edición.,

Brody, Neville., **The graphic language of Neville Brody**, Tames and Houdson,

Cerezo, José María., **Diseñadores en la nebulosa**, Ed. Biblioteca Nueva,

Jardí, E., **Veintidos consejos sobre tipografía**, Actar,

Poynor, Rick, **No más normas, Diseño Gráfico postmoderno**, Ed. Gustavo Gili,

JOHN, Lynn., **Cómo preparar diseños para la imprenta.**, GG.,

Samara, T, **Diseñar con y sin retícula**, Gustavo Gili, 3ª Edición.,

Ambrose, Harris, **Layout**, Parramon,

Aicher, Otl, **El mundo como proyecto**, Ed. Gustavo Gili,

Pelta, Raquel., **Diseñar hoy. Temas contemporáneos de Diseño Gráfico**, Ed. Paidós Diseño,

Baqué, Dominique, **Un arte paradójico**, Editorial Gustavo Gili.,

Barthes, Roland., **La cámara lúcida. Nota sobre la fotografía**, Ediciones Paidós.,

Crimp, Douglas, **La actividad fotográfica de la posmodernidad, Efecto real. Debates posmodernos sobre fotografía**, Editorial Gustavo Gili,

Mellado, José María, **Fotografía digital de alta calidad**, Artual,

Martha Hellion, **Libros de artista: [exposición] = Artist's books**, Turner,

Martínez Moro, J., **Un ensayo sobre grabado**, Creatica.,

Pastor, J. Y Alcalá, J. R., **Procedimientos de Transferencia en la Creación Artística**, Diputación Provincial de Pontevedra,

Ramos Guadix, T, **Técnicas aditivas en el grabado contemporáneo**, Universidad de Granada,

AAVV, **Historia de un arte. El grabado**, Ed. Skira Carroggio,

U. Eco., **LA ESTRATEGIA DE LA ILUSIÓN**, Ed. Lumen,

U. Eco., **LA ESTRUCTURA AUSENTE**, Ed. Lumen.,

WIEDEMANN, Julius, **ILLUSTRATION NOW! Vol 2.** , Taschen,,

HELLIGE, Hendrik., **Contemporary illustration and its context.**, Illusive,

ZEEGEN, Lawrence/CRUSH., **Principios de ilustración.**, Gustavo Gili, 3º Edición.,

AAVV, **VICTION:ARY. Si hablamos de diseño estamos hablando de ilustración.**, Index Book,,

---

## **Recomendaciones**

### **Materias que continúan o temario**

Proyectos De Deseño/P01G010V01905

Proyectos Fotográficos/P01G010V01907

Proyectos Gráficos Dixitais/P01G010V01908

---

### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Informática. Técnicas Informáticas/P01G010V01103

Técnicas Fotográficas/P01G010V01204

Técnicas Gráficas/P01G010V01305